

**DON. JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

**CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 19.08.2024, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**"16.- APROBACIÓN DAS NORMAS DE INSCRIPCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2024 - 2025**

O Concello de Monforte organiza, para o curso 2024 - 2025, unha serie de actividades deportivas encadradas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais, que pretende, entre outras cousas, complementar a oferta deportiva existente en Monforte proposta por clubs deportivos e outros entes de promoción deportiva.

As actividades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais para o Curso 2024 - 2025, son as seguintes:

- Escolas Deportivas Municipais para nenos/as:
  - Golf
  - Pádel
  - Kung Fu
  - Zumba Infantil
  
- Escolas Deportivas Municipais para persoas adultas:
  - Ximnasia de mantemento
  - Tai Chi
  - Ioga
  - Zumba Adultos

Visto o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA prestar aprobación das seguintes normas:

**1. PERSOAS PARTICIPANTES:**

Poderán participar no programa as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Para participar en escolas de nenos/as ter entre 6 e 15 anos de idade.
- Para participar en escolas de adultos ter 16 anos ou máis.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

**2. ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE:**

**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/08/2024  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 19/08/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/08/2024 14:17:38

EXPEDIENTE :: 2024PL\_RE-00510  
Fecha: 19/08/2024  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL





- **Duración:** o programa de Escolas Deportivas Municipais ten unha duración aproximada de oito meses entre o 1 de outubro de 2024 e o 31 de maio de 2025.
- **Horario e lugar de celebración das actividades:**

ACTIVIDADES	LU	MA	ME	XO	VE	SA	HORARIO	Nº PRAZAS	LUGAR CELEBRACIÓN
GOLF							Grupos de mañá e tarde	18	Club Golf Río Cabe
PÁDEL							Grupos de mañá e tarde	30	Club Padelante
KUNG FU							18:45 - 19:45	15	DOGMA Centro Pilates
ZUMBA INFANTIL							18:00 - 19:00	20	Ximnasio Neka
<b>PARA ADULTOS/AS</b>									
XIMNASIA DE MANTEMENTO							10:30 - 11:30	20	Ximnasio Neka
XIMNASIA DE MANTEMENTO							10:30 - 11:30	20	Ximnasio Neka
XIMNASIA DE MANTEMENTO							17:00 - 18:00	20	Ximnasio Lemos
XIMNASIA DE MANTEMENTO							17:00 - 18:00	20	Ximnasio Lemos
TAI CHI							Martes: 19:45 - 20:45 Venres: 20:00 - 21:00	20	DOGMA Centro Pilates
TAI CHI							17:30 - 18:30	20	DOGMA Centro Pilates
IOGA							16:15 - 17:15	15	Centro Ioga Ganesha
IOGA							17:15 - 18:15	15	Centro Ioga Ganesha
IOGA							16:15 - 18:15	15	Centro Ioga Ganesha
IOGA							17:15 - 18:15	15	Centro Ioga Ganesha
ZUMBA ADULTOS							17:00 - 18:00	20	Ximnasio Neka

- **Calendario lectivo:**

Considéranse días lectivos de cada unha das modalidades deportivas ofertadas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais para o curso 2024 - 2025, aqueles comprendidos entre o 1 de outubro de 2024 e o 31 de maio de 2025 excepto os seguintes:

FESTIVIDADE	DATA
Día da Festa Nacional de	12 de outubro de 2024 sábado

CSV: 07E8000F502D00F0K9E8P0N8G6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000F502D00F0K9E8P0N8G6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/08/2024  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 19/08/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/08/2024 14:17:38

EXPEDIENTE :: 2024PL\_RE-00510  
Fecha: 19/08/2024  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL



España		
Día de todos Os Santos	1 de novembro de 2024	venres
Día da Constitución Española	6 de decembro de 2024	venres
Vacacións de nadal	23 de decembro de 2024 ao 7 de xaneiro de 2025, ambos inclusive	
Entroido	3, 4 e 5 de marzo de 2025	
San José	19 de marzo de 2025	mércores
Semana Santa	14 de abril ao 21 de abril de 2025	
Martes de Pascua	22 de abril de 2025 (festa local)	martes
Día do Traballador	1 de maio de 2025	xoves
Día das Letras Galegas	17 de maio de 2025	sábado

### 3. CUSTE DA ACTIVIDADE:

A taxa por escola e curso é de 92,70 €. Os alumnos/as que pertencen a familia numerosa terán unha bonificación do 50 %. No momento da matrícula deberá xustificarse a pertenza a familia numerosa mediante a achega do copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

O cobro da taxa pola prestación do servizo realizarase do seguinte xeito: o 50 % da contía total do curso liquidarase ao inicio da actividade, e o 50 % restante no mes de marzo do correspondente curso. No momento da matrícula indicarse o número de conta no que o Concello de Monforte efectuará o cobro pola prestación do servizo.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo a actividade non se prestara, procederase á devolución do importe correspondente.

Cando a causa de non asistencia ao curso sexa imputable ao suxeito pasivo, non se procederá a prorrateo da cota tributaria, procedendo ao cobro total do curso.

### 4. SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Todas as persoas interesadas en inscribirse nalgunha das modalidades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais deberán presentar, a través do Rexistro Xeral do Concello de Monforte, de xeito presencial ou a través da sede electrónica, o modelo de solicitude cuberto con todos os datos que se requiren. En Caso de persoas menores de idade a solicitude virá asinada polo pai, nai ou titor/a legal.

O prazo de presentación de solicitude permanecerá aberto entre o 9 e o 20 de setembro de 2024. O 25 de setembro publicarse na páxina web do Concello de Monforte a lista de admitidos/as nas actividades.

A lista de admitidos/as confeccionarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes. Se unha vez finalizado o prazo de inscrición dáse o caso de que quedan prazas vacantes, poderanse seguir presentando solicitudes ata esgotar as prazas ofertadas.

CSV: 07E8000F502D00F0K9E8P0N8G6



DOCUMENTO  
FIRMADO  
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000F502D00F0K9E8P0N8G6 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/08/2024  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 19/08/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/08/2024 14:17:38

EXPEDIENTE :: 2024PL\_RE-00510  
Fecha: 19/08/2024  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL



Para a prestación do servizo de cada unha das modalidades deportivas será necesario que a porcentaxe de inscritos na actividade acade, como mínimo, o 25% das prazas ofertadas.

Cada persoa poderá matricularse nun máximo de 2 actividades, tanto nas modalidades de nenos/as como nas de persoas adultas.

A condición de admitido/a nalgunha das modalidades ofertadas supón a matrícula efectiva e polo tanto o dereito a iniciar a actividade na data indicada na oferta.

## 5. RENUNCIA

Se algunha persoa quere renunciar á praza concedida terá que presentar a través do Rexistro Xeral do Concello de Monforte o documento de renuncia entre o 26 de setembro e o 18 de outubro de 2024. No caso de non renunciar a algunha das prazas concedidas entenderase como aceptada e polo tanto procederase ao cobro correspondente.

## 6. RESERVA DE PRAZAS A DISPOSICIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONFORTE:

Desde os Servizos Sociais comunitarios básicos municipais trabállase con persoas que se atopan nunha situación de risco ou exclusión social. Dentro do plan de traballo individualizado que se establece con esas persoas, inclúense obxectivos orientados á mellora e mantemento da saúde así como a promoción das redes sociais a través da participación en actividades de ocio e tempo de lecer. A situación de precariedade económica e laboral desas persoas dificulta a posibilidade de que poidan afrontar gastos extraordinarios como son os derivados da participación en actividades deportivas ou de ocio e tempo de lecer, o que dificulta a consecución dos obxectivos establecidos do plan de traballo.

Por iso dende a Oficina Municipal de Deportes do Concello de Monforte pónense a disposición dos Servizos Sociais municipais o seguinte número de prazas:

- Escolas deportivas para nenos e nenas: 12 prazas
- Escolas deportivas para persoas adultas: 10 prazas

## 7. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Modelo de solicitude normalizado
- Fotocopia do DNI do solicitante
- No caso de que o solicitante sexa menor de idade fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a que figura como tal na solicitude.
- No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente."





E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.  
O ALCALDE



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000F502D00F0K9E8P0N8G6 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/08/2024  
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 19/08/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/08/2024 14:17:38

EXPEDIENTE :: 2024PL\_RE-00510  
Fecha: 19/08/2024  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E8000F502D00F0K9E8P0N8G6

